

Xusto Beramendi: "No provincialismo empézasase a pensar Galiza doutra maneira e a través dunha prensa propia"

Xusto Beramendi (Madrid, 1941), catedrático de Historia Contemporánea e especialista na historia das ideoloxías e dos nacionalismos, ofreceu a pasada semana a palestra titulada Galiza, provincialismo. 1840-1846. A actividade, organizada pola Asociación Cultural O Galo, tivo lugar no Museo do Pobo Galego, unha institución da que Beramendi foi cofundador e presidente do seu Padroado até o mes de abril en que anunciou a súa retirada. Nós Diario conversa con Beramendi da importancia do provincialismo na orixe do galeguismo e do futuro do proxecto museístico compostelán.

A. Escuredo

10 de maio de 2022

<https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/xusto-beramendi/20220509203330142923.html>

Que elementos salienta desa primeira etapa do provincialismo?

É o nacemento do galeguismo político con datas moi concretas, entre [1840 e 1846](#). Rematou abruptamente co esmagamento do levantamento de Miguel Solís. O contexto político en que nace ese provincialismo situámo-lo ao remate da guerra carlista e o triunfo dos liberais, coas pugnas no conxunto do Estado español para ver que modelo de estado se vai construír.

Nesa loita, sobre todo entre moderados e progresistas, na Galiza comeza a aflorar una corrente de pensamento diferenciada que xa non ten como referente político principal España senón Galiza.

Outro factor importante son as influencias intelectuais que proceden de Europa. Por exemplo, o historicismo alemán que dá moito valor ás características culturais dos diferentes pobos. Tamén o celtismo, que nace en Francia no século XVIII e que introduce na Galiza Verea e Aguiar.

Foi importante un grupo de estudantes universitarios liberais en Compostela, fundamentalmente, que se xuntan na Academia Literaria e reciben esas influencias europeas.

Politicamente son progresistas e empezan a pensar Galiza doutra maneira a través dunha prensa propia e participando tamén en política dentro da Xunta revolucionaria do Partido Progresista e no [levantamento de Solís de 1846](#). Crean un novo sistema no que ten moito valor a obra de Antolín Faraldo. Todo isto desemboca no levantamento de 1846.

Como configura o provincialismo o concepto da Galiza?

Vai mudando na evolución ao longo do galeguismo histórico. Nesta primeira etapa do provincialismo, a Galiza é unha nación no pasado, mais no seu presente é unha parte do Estado español que ten unhas características propias, facendo máis fincapé na cuestión histórica que na cultural. En función desa personalidade que ten reivindican que teña dereito a un maior peso na política do Estado, mais non pasan de aí.

No segundo provincialismo, na xeración de Rosalía e Murguía, isto cambia e xa a Galiza comeza a ter conceptualmente unhas características propias dunha nación de seu, aínda que este concepto non se traduza, de momento, ao plano político que chegará despois co rexionalismo a finais do século XIX e, posteriormente, serán as Irmandades da Fala as que cheguen a un concepto pleno da Galiza nación con todas as súas consecuencias.

Anunciou que deixaba as súas responsabilidades no Museo do Pobo Galego. Que representou para vostede formar parte da institución?

Seguirei no Padroado mais xa ía sendo hora de renovar agora que se pode facer esa transición dunha maneira ordenada.

Para min o Museo representou unha das partes máis importantes da miña vida profesional e pública. Como o foi para García Martínez [cofundador e anterior director do Museo do Pobo Galego]. Os dous temos dous fillos e sempre dicíamos que o Museo era como o noso terceiro fillo. Partiu dunha idea que tivemos en 1976 e que, por fortuna se puido materializar, creo que conseguimos que tivese continuidade.

Como lle gustaría que evolucionase agora o Museo?

En primeiro lugar que se completase o programa museístico, que semella que está en vías de concretarse. Tamén que mantivese e aumentase esa influencia e respecto que ten a maior parte da xente polo Museo. Por último, que se garanta o relevo xeracional dos que xa estamos "medio desaparecidos" e que siga adiante.